

# **Probas de acceso aos ciclos formativos de formación profesional**

**Grao superior**

## **Convocatoria 2016**

---

**Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**

Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

# Índice

---

<b>1.</b>	<b>Inscripción .....</b>	<b>3</b>
<b>2.</b>	<b>Proba .....</b>	<b>6</b>
	2.1 Estrutura .....	6
	2.2 Cualificacións .....	7
	2.3 Desenvolvemento da proba .....	8
<b>3.</b>	<b>Exencións .....</b>	<b>9</b>
<b>4.</b>	<b>Conservación das partes aprobadas.....</b>	<b>11</b>
<b>5.</b>	<b>Certificados.....</b>	<b>12</b>
<b>6.</b>	<b>Resolución administrativa.....</b>	<b>13</b>

# 1. Inscripción

---

## Quen se pode presentar ás probas de acceso a grao superior?

Quen non cumpra os requisitos académicos de acceso a ciclos formativos de grao superior e teña dezanove anos cumpridos ou os cumpra no ano natural de celebración da proba.

Os requisitos de acceso a ciclos formativos de grao superior son os seguintes:

- Título de bacharel establecido na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- Título de bacharel establecido na Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo.
- Segundo curso de calquera modalidade de bacharelato experimental regulado pola Orde ministerial do 21 de outubro de 1986 (BOE do 6 de novembro).
- Título de bacharelato unificado e polivalente establecido na Lei orgánica 14/1970, do 4 de agosto, xeral de educación e financiamento da reforma educativa.
- Título de técnico superior, de técnico especialista ou equivalente para efectos académicos.
- Título de técnico de formación profesional.
- Titulación universitaria ou equivalente para efectos académicos.
- Proba de acceso á universidade para maiores de 25 anos.
- Proba de acceso á ciclos formativos de grao superior.

## Como inscribirse nas probas de acceso?

- As solicitudes poderanse realizar de xeito telemático desde a opción “solicitud web” dispoñible na páxina [www.edu.xunta.es/fp/probas](http://www.edu.xunta.es/fp/probas). A aplicación informática xera una instancia para imprimir que se debe presentar nun centro de inscrición, acompañada da documentación que se indica na instancia. Entanto que non se efectúe ese trámite perante un centro de inscrición, non quedará feita a matrícula.
- Opcionalmente, pódese optar por cubrir o formulario normalizado en pantalla, imprimilo e presentalo nun centro de inscrición acompañado da documentación necesaria. O formulario normalizado está dispoñible en:
  - Sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.es> (código de procedemento: ED312D)
  - [www.edu.xunta.es/fp](http://www.edu.xunta.es/fp)

Considerase **centro de inscrición** calquera centro público dependente da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria con oferta de formación profesional, bardante o CIFP Rodolfo Ucha Piñeiro.

## Onde se pode presentar a solicitude de inscrición para as probas de acceso?

As solicitudes, xunto coa documentación relacionada, entregaranse nas secretarías de calquera centro público dependente da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria con oferta de formación profesional, bardante no CIFP Rodolfo Ucha Piñeiro.

### **Cal é o prazo para se inscribir nas probas de acceso a grao superior?**

O prazo de inscrición será entre os días 15 e 26 de febreiro, ambos incluídos.

### **As persoas que teñan superada unha proba de acceso á universidade para maiores de 25 anos poden inscribirse na proba de acceso?**

Si, poderán realizar a proba de acceso completa coa finalidade de poderen obter unha nota de acceso a ciclos superior a 5,00.

Tamén poderán participar directamente no proceso de admisión a ciclos formativos, presentando o certificado acreditativo de ter superada a proba de acceso á universidade para maiores de 25 anos, na secretaría do centro correspondente, nos prazos establecidos para a admisión. Neste caso, para os efectos de baremo no proceso de admisión a ciclos formativos, a cualificación será de 5,00.

### **As persoas que teñan superada a proba de acceso para maiores de 45 anos teñen acceso a ciclos formativos?**

Non; deberán presentarse á proba de acceso a ciclos formativos.

### **Pódese realizar a inscrición a só unha parte da proba?**

A inscrición realízase necesariamente para a totalidade da proba, independentemente de que, na propia solicitude, se poida solicitar a exención ou a conservación da nota de partes aprobadas anteriormente.

### **No caso de ter un título de técnico de grao medio, pódese presentar á proba de acceso?**

Non. Quen acredite estar en posesión dun título de técnico de formación profesional terá acceso directo aos ciclos de grao superior de formación profesional, nas condicións de admisión que se determinen, segundo a modificación introducida pola LOMCE no artigo 41.3 da LOE.

### **Se son aspirante estranxeiro/a, que documento de identidade debo usar?**

O documento correcto é a tarxeta do NIE (número de identificación de estranxeiros). Na súa ausencia, excepcionalmente, pódese usar o pasaporte ou, no caso de cidadáns ou cidadás da Unión Europea, documento oficial de identidade do seu país.

### **Que fago se non podo presentar a solicitude por min mesmo/a? (actuación a través de representante)**

Se vai presentar a solicitude a través de representante, cómpre acreditar a representación por calquera medio válido en Dereito.

En particular, sería válida unha autorización asinada pola persoa solicitante a favor da representante.

Para redactar esta autorización, recoméndase:

- Identificar claramente a persoa solicitante con nome e apelidos.
- Incluír, dentro do propio documento de autorización, imaxe do DNI do/da solicitante.

- Indicar que autoriza esa persoa (identificada con nome, apelidos e DNI) para representalo/a para os efectos de tramitar a súa solicitude de inscrición na proba de acceso a ciclos formativos.
- Imprimir a autorización.
- Que a persoa solicitante asine a autorización e lla entregue á representante para que a achegue coa solicitude. Non se admitirá unha autorización escanada, senón que cómpre achegar autorización con sinatura orixinal.

Logo de confeccionada a representación, a solicitude que se leva ao centro de inscrición debe ir asinada xa pola persoa representante, non pola solicitante.

Non esqueza conservar unha copia da solicitude validada polo centro de inscrición porque a ten que levar o día de celebración da proba xunto co seu documento de identidade.

### **En que centro entrego a solicitude?**

Calquera centro público dependente da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria que imparta formación profesional é válido como centro de inscrición, aínda que a súa oferta educativa non inclúa os ciclos formativos aos que se aspire a acceder.

Recoméndase usar como centro de inscrición o máis próximo ao domicilio habitual, posto que calquera outro trámite posterior á inscrición (por exemplo, consulta de listas, presentación de reclamacións, etc.) deberá realizarse exclusivamente perante o centro de inscrición elixido. Ademais, a sede de exame que se lle asigne será un centro próximo ao devandito centro de inscrición.

## 2. Proba

---

### 2.1 Estrutura

#### En que consiste a proba?

Hai dúas partes: unha común e outra específica.

- A parte común organízase en tres probas: lingua galega, lingua castelá e matemáticas.
- A parte específica organízase nas seguintes opcións segundo a familia profesional do ciclo formativo ao que se pretenda acceder, consonte o anexo VII da convocatoria:
  - Opción A: as materias desta opción son economía da empresa, lingua estranxeira (inglés ou francés), e filosofía e cidadanía.
  - Opción B: as materias desta opción son debuxo técnico, tecnoloxía industrial, e física.
  - Opción C: as materias desta opción son ciencias da terra e ambientais, química, e bioloxía.

Nas solicitudes, elixírase unha **única** opción (A, B ou C) e, dentro da opción elixida, escóllense soamente **dúas das tres** materias da opción.

## 2.2 Cualificacións

### Como se calcula a nota da proba de acceso?

A cualificación de cada parte da proba (común e específica) será numérica, entre cero e dez puntos.

A nota final da proba calcularase sempre que se obteña polo menos unha puntuación de 4,00 puntos en cada parte (común e específica) e será a media aritmética destas, expresada con dous decimais. Será positiva a cualificación de 5,00 puntos ou superior. En caso contrario, a nota final cualificarase como “non apto/a”.

Para calcular a media da nota de cada parte non é preciso ter unha nota mínima nas materias que constitúen esa parte.

### A que nota numérica equivale a certificación onde conste unha cualificación de “apto/a”?

A normativa vixente establece que as persoas que posúan certificacións onde conste só “apto/a”, sen nota numérica, participarán no proceso de admisión a ciclos formativos cunha cualificación de 5,00.

### No caso de gozar de exención nalgunha das partes da proba ou na totalidade, como se calcula a nota da proba de acceso?

Para os efectos de cálculo da nota final da proba de acceso non se terán en conta as partes da proba das que a persoa participante fose declarada exenta. Así mesmo, no caso de exención de todas as partes da proba, a cualificación final expresarase como “exento/a”. Para os efectos de admisión en ciclos formativos, a exención total da proba equivalerá a unha cualificación de 5,00 puntos.

Exemplos de cálculo de nota			
Nota da parte común	Nota da parte específica	Nota media	Nota final
6,00	7,00	6,50	6,50
4,00	5,00	4,50	Non apto/a
4,50	7,00	5,75	5,75
Exención	7,00	7,00	7,00
4,00	Exención	4,00	Non apto/a
Exención	Exención	5,00	5,00

## 2.3 Desenvolvemento da proba

### En que data terá lugar a proba?

O 20 de abril.

### En que horario?

- Ás 9:00 horas: presentación.

#### *Parte común da proba*

- Das 10:15 ás 13:30 horas (matemáticas, lingua galega e lingua castelá).

#### *Parte específica da proba*

- Das 16:00 ás 18:30 horas (materias específicas da opción vinculada ao ciclo formativo).

### Onde terá lugar a proba?

O día 11 de abril farase público o lugar ou os lugares onde se realizarán as probas. Esta lista publicarase nos centros de inscrición e na páxina web <http://www.edu.xunta.es/fp>

### Onde farei os exames?

A sede de realización da proba determínase en función do centro de inscrición empregado e, en principio, tratarase dalgún centro público próximo a este. Daquela, recoméndase usar como centro de inscrición un próximo ao domicilio habitual.

### Que documentación é necesario levar o día da realización da proba?

O documento oficial de identidade e copia da folla da solicitude de inscrición.

### Que materiais se poderán empregar no desenvolvemento das probas?

- Bolígrafos de tinta negra ou azul (ningunha outra cor).
- Calculadora científica, agás que sexa programable, gráfica ou con capacidade para almacenar e transmitir datos. Poderase empregar nas probas de matemáticas, física, tecnoloxía industrial e química.
- Lapis, compás, regra, escuadro e cartabón en debuxo técnico.

Non se admitirá ningún aparello capaz de recibir, transmitir nin almacenar información, como, por exemplo, teléfonos móbiles.

### Que máis cómpre ter en conta para o día do exame?

O tribunal dará as instrucións pertinentes para o correcto desenvolvemento das probas. Non seguilas será causa de exclusión.



## 3. Exencións

---

### Que exencións se poden solicitar?

Para ver todas as exencións que se poden solicitar, consúltese a seguinte ligazón:

[Acceso a nota informativa](#)

### É posible solicitar a exención en lingua galega ou noutras materias superadas no bacharelato?

Non; só é posible solicitar a exención dalgunha das partes da proba, pero non dunha materia en concreto.

### Unha titulación de FP1 (técnico auxiliar) equivale a un ciclo formativo de grao medio?

Non; neste caso deberá presentarse á proba de acceso a ciclo superior. O título de técnico auxiliar é equivalente para os efectos profesionais ao correspondente título de técnico e ao título de ESO a efectos académicos.

Non obstante, un título de FP1 pode dar lugar a exención da parte específica da proba sempre que esa titulación se corresponda con algunha das familias profesionais incluídas na opción pola que se presenta, consonte aos anexos VIII e IX da convocatoria.

### A exención dalgunha das partes da proba, concedida en anteriores convocatorias, ten validez para esta convocatoria?

Si; teñen validez as exencións parciais concedidas na comunidade autónoma de Galicia desde o ano 2009. Non é necesario presentar o certificado da proba de acceso onde conste o recoñecemento da devandita exención. Só é necesario marcar na solicitude “Acredita exención previa” onde corresponda.

### A exención concedida da parte específica en convocatorias anteriores ao 2009 ten validez para esta convocatoria?

Si; as concedidas ao abeiro da Orde do 1 de abril do 2002 teñen validez sempre que a opción elixida (A, B ou C) inclúa o ciclo para o que se concedera a devandita exención, e abundará con presentar o certificado da exención.

### Logo de solicitada a exención dalgunha das partes, poderanse presentar ao exame desa parte?

Se a exención queda concedida, **non**.

### Que documentación cómpre presentar no caso de traballadores/as por conta allea que soliciten a exención da parte específica por teren como mínimo un ano de experiencia laboral en xornada completa en campos profesionais que se correspondan cos estudos que se pretenda cursar?

- Certificación (vida laboral) da Tesouraría Xeral da Seguridade Social ou da mutualidade laboral que corresponda, onde conste a empresa, a categoría laboral ou grupo de cotización e o período de contratación.

- Certificación da empresa ou das empresas onde se adquirira a experiencia laboral, conxunto ao anexo X da convocatoria.

**Que documentación cómpre presentar no caso de traballadores/as por conta propia que soliciten a exención da parte específica por teren como mínimo un ano de experiencia laboral en xornada completa en campos profesionais que se correspondan cos estudos que se pretenda cursar?**

- Certificación do período de cotización no réxime especial de traballadores/as autónomos/as.
- Memoria, segundo o modelo do anexo X, realizada pola persoa interesada, descritiva das actividades desenvolvidas durante o exercicio profesional.

### **Quen ten que cubrir a certificación da empresa ou das empresas**

Tena que cubrir a(s) empresa(s) onde se adquirira a experiencia laboral, e deberá estar **asinada** e **selada** pola empresa. Débese xuntar unha certificación por cada empresa onde se desenvolvera a actividade laboral.

### **Que ten que figurar na certificación da(s) empresa(s) (anexo X da orde)?**

É importante pór especial atención á hora de cubrir a certificación. Nesta teñen que constar especificamente as actividades laborais desenvolvidas pola persoa interesada relacionadas co campo profesional que corresponda cos estudos que pretenda cursar, e o número de días e horas dedicados a elas. Débense cubrir tantas táboas como actividades se desenvolveran na empresa, e por cada actividade laboral deberá figurar:

- Máquinas, equipamentos e ferramentas que se empregaran, e grao de destreza no seu manexo.
- Materiais utilizados para o traballo.
- Información manexada (planos, esquemas, información telemática, instrucións diarias, etc.).
- Resultados da actividade desenvolvida.
- Sinatura da persoa que certifica e selo da empresa ou entidade.

## 4. Conservación das partes aprobadas

---

**Durante canto tempo se conservan as partes aprobadas da proba?**

A superación da totalidade da proba ten validez indefinida. No caso de superar só algunha das partes da proba, esta superación parcial conservarase durante os dous anos seguintes e soamente terá validez na Comunidade Autónoma de Galicia.

**É necesario presentar xunto coa solicitude de inscrición o certificado de resultados das probas de acceso de 2014 ou de 2015 para que se lle conserve a parte aprobada na convocatoria do 2016?**

Non é necesario achegar o certificado, pero si é necesario solicitar a conservación de nota se o desexa.

## 5. Certificados

---

### **Onde se solicitan os certificados?**

Os certificados de probas de acceso, tanto da convocatoria deste ano como de convocatorias anteriores (desde o ano 2006), poderán solicitarse en calquera centro público con oferta de formación profesional.

Os certificados das probas anteriores a 2006 deberán solicitarse nos centros educativos que nas convocatorias correspondentes foron designados como centros emisores de certificacións. Esta información pode consultala en calquera instituto de educación secundaria (IES) ou centro integrado de formación profesional (CIFP) onde se impartan ciclos formativos de formación profesional.

### **Pode perder validez a certificación de superación da proba de acceso?**

Non; a superación da totalidade da proba ten validez indefinida.

### **Son válidas as certificacións de superación das probas de acceso realizadas en convocatorias anteriores?**

Si; son válidas e darán acceso aos ciclos formativos ou familias que se indiquen nos devanditos certificados ou, de ser o caso, aos ciclos formativos declarados equivalentes.

### **Se tras presentarme a varias convocatorias teño certificados de superación das probas por máis dunha opción (A, B ou C), podo usar calquera deles?**

No proceso de admisión, para un mesmo réxime e modalidade (ordinario, persoas adultas presencial, e persoas adultas a distancia) non se poden solicitar ciclos de diferentes opcións de acceso (A, B e C). É dicir, só se pode empregar un certificado de superación das probas para cada réxime e modalidade.

Si que se poden combinar diferentes opcións de acceso (distintos certificados) cando se presentan solicitudes para diferentes réximes e modalidades (ordinario, adultos presencial, adultos distancia).

## 6. Resolución administrativa

---

### **Que é a superación da proba por resolución administrativa?**

As persoas que nas convocatorias de 2014, 2015 e 2016 superaran algunha das partes da proba de acceso na Comunidade Autónoma de Galicia e estean en condicións, logo de rematado o proceso, de acreditaren, nas partes non superadas, algunha das causas de exención previstas na convocatoria, poderán solicitar certificación de aprobado da proba de acceso por resolución administrativa.

Tamén o poderán solicitar aquelas persoas que, aínda que non teñan partes superadas, estean en condicións de ter a exención de todas as partes da proba de acceso.

### **Pódese solicitar a certificación de superación da proba de acceso se, con posterioridade á realización da proba, se cumpren os requisitos?**

Si; é a situación descrita na pregunta anterior.

### **Onde se pode facer esta solicitude?**

En calquera centro dependente da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria onde se imparta formación profesional.

### **En que prazo se pode solicitar?**

Desde o día 30 de maio ata o 30 de setembro de 2016.

### **Onde se recolle este certificado?**

En calquera centro dependente da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria onde se imparta formación profesional.

### **No caso de ter aprobada a proba de acceso por unha certa opción (A, B ou C) en convocatorias anteriores e estar en condicións de solicitar a exención na parte específica por outra opción diferente da orixinal, pódome acoller á superación da proba por resolución administrativa?**

Si; resulta posible obter o certificado de superación da proba tanto a través deste procedemento como realizando a inscrición nas probas de acceso.